

HABITAR CO DEBUXO

OBRADOIRO DE ARTE PÚBLICA PARA REIMAXINAR SAN PEDRO

TALLER DE DEBUXO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

28 xuño 2025

Horario: de 10:30 a 13:00 h

REALIZACIÓN DO PROXECTO: Miguel Cuba Taboada



Un ano máis, o CGAC e a asociación veciñal A Xuntanza, colaboran na programación de actividades conxuntas para as festas do barrio de San Pedro.

Neste taller, farémonos eco do problema da vivenda que existe nas nosas cidades. Casas sen xente e xente sen casas. Edificios baleiros, alugueiros desorbitados e a veciñanza abocada a marchar á periferia e deixar atrás os seus barrios.

Nun debuxo, todo é posible; podemos repensar e reinterpretar a realidade co único límite da nosa imaxinación. O acto de debuxar estimula unha observación máis atenta da nosa contorna, axúdanos a reflexionar sobre o que vemos e permítenos apropiarnos do espazo simbolicamente.

Este obradoiro propón unha aproximación ao barrio de San Pedro co fin de reimaxinalo a través do debuxo e de lles dar unha segunda vida a aqueles edificios que actualmente se atopan desocupados ou abandonados.

Comezaremos a xornada achegando referentes coa proxección de imaxes de artistas que traballan co espazo arquitectónico desde o debuxo. Veremos exemplos de proxectos de arte pública que recuperan edificios abandonados. Daremos unha serie de consignas básicas sobre como abordar a realización dunha imaxe destas características.

Amosarémoslle ao grupo fotografías dos edificios que actualmente se atopan baleiros ou abandonados no barrio para que cadaquén escollo o que lle gustaría representar e intervir de xeito simulado. Xuntarémonos ao aire libre para retratar os edificios fotografados e dotarémoslos dunha nova vida: podemos ilustralos habitados, ornamentalos, outorgarlles un novo uso ou proxectar posibles rehabilitacións a través do debuxo. A técnica é libre (lapis, tinta, acuarela, rotulador, carbón, etc). Unha vez rematados, pasearemos polo barrio en festa para ver os resultados no seu contexto e chamaremos a atención sobre as posibilidades que entrañan eses inmobles sen alma. Finalmente, dixitalizaremos os debuxos e xeolocalizaremos no mapa xunto aos respectivos edificios para que convivan o real e o imaxinado.

Un año más, el CGAC y la asociación de vecinos A Xuntanza, colaboran en la programación de actividades conjuntas para las fiestas del barrio de San Pedro.

En este taller, nos haremos eco del problema de la vivienda que existe en nuestras ciudades. Casas sin gente y gente sin casas. Edificios vacíos, alquileres desorbitados y el vecindario abocado a mudarse a la periferia y dejar atrás sus barrios.

En un dibujo, todo es posible; podemos repensar e reinterpretar la realidad con el único límite de nuestra imaginación. El acto de dibujar estimula una observación más atenta de nuestro entorno, nos ayuda a reflexionar sobre lo que vemos y nos permite apropiarnos del espacio simbólicamente.

Este taller propone una aproximación al barrio de San Pedro con el fin de reimaginarlo a través del dibujo, dándoles una segunda vida a aquellos edificios que actualmente se encuentran desocupados o abandonados.

Comenzaremos la jornada aportando referentes con la proyección de imágenes de artistas que trabajan con el espacio arquitectónico desde el dibujo. Veremos ejemplos de proyectos de arte público que recuperan edificios abandonados. Daremos una serie de consignas básicas sobre cómo abordar la realización de una imagen de estas características.

Le mostraremos al grupo fotografías de los edificios que actualmente se encuentran vacíos o abandonados en el barrio para que cada participante escoja el que le gustaría representar e intervenir de manera simulada. Nos reuniremos al aire libre para retratar esos edificios fotografiados y los dotaremos de una nueva vida: podemos ilustrarlos habitados, ornamentarlos, otorgarles un nuevo uso o proyectar posibles rehabilitaciones a través del dibujo. La técnica es libre (lápiz, tinta, acuarela, rotulador, carbón, etc). Una vez terminados, nos pasearemos por el barrio en fiestas para ver los resultados en su contexto y llamaremos la atención sobre las posibilidades que entrañan esos inmuebles sin alma. Finalmente, digitalizaremos los dibujos y los geolocalizaremos en el mapa junto a los respectivos edificios para que convivan lo real y lo imaginado.

MIGUEL CUBA TABOADA (Lugo, 1982) é doutor en Belas Artes pola Universidade de Vigo, onde actualmente exerce como profesor e investigador no grupo DX5. A súa tese de doutoramento *Debuxar, camiñar* versa sobre varios dos seus ámbitos de traballo preferidos: a viaxe, a cidade e o percorrido urbano. A súa formación complétase con cursos de gravado (xilografía, transferencia, gravado calcográfico e litografía) do CIEC.

Ao longo da súa traxectoria, participou en mostras nacionais e internacionais e recibiu varias bolsas que lle permitiron realizar estadias artísticas no estranxeiro, concretamente, na Casa de Velázquez, no Colegio de España en París e na Academia de España en Roma. Así mesmo, foi galardoado en certames como o Isaac Díaz Pardo (2013), Xuventude Crea (2010 e 2012) ou Novos Valores (2009).

Como autor de banda deseñada, realizou *Cara Roma* (premiado cunha axuda á creación literaria do Ministerio de Cultura), *A Day in the Life with... Drawall* (Inky King Pulpo Press) e *Punto de Fuga* (Demo Editorial), obra que foi premiada cunha axuda da Xunta de Galicia. Participou tamén en publicacións colectivas como *Contar un monte de oro* (Nuevo Nueve) e *O puño e a letra*, interpretación en cómic da obra poética de Yolanda Castaño (galardoado como mellor cómic do ano 2019 en Galicia).

MIGUEL CUBA TABOADA (Lugo, 1982) es doctor en Bellas Artes por la Universidad de Vigo, donde actualmente ejerce como profesor e investigador en el grupo DX5. Su tesis doctoral *Debuxar, camiñar* versa sobre varios de sus ámbitos de trabajo preferidos: el viaje, la ciudad y el recorrido urbano. Su formación se completa con cursos de grabado (xilografía, transferencia, grabado calcográfico y litografía) del CIEC.

A lo largo de su trayectoria, ha participado en muestras nacionales e internacionais y ha recibido varias becas que le han permitido realizar residencias artísticas en el extranjero, concretamente, en la Casa de Velázquez, el Colegio de España en París y la Academia de España en Roma. Así mismo, ha sido galardonado en certámenes como el Isaac Díaz Pardo (2013), Xuventude Crea (2010 y 2012) o Novos Valores (2009).

Como autor de cómics, realizó *Cara Roma* (premiado con una ayuda a la creación literaria del Ministerio de Cultura), *A Day in the Life with... Drawall* (Inky King Pulpo Press) y *Punto de Fuga* (Demo Editorial), obra que fue premiada con una ayuda de la Xunta de Galicia. Participó también en publicaciones colectivas como *Contar un monte de oro* (Nuevo Nueve) y *O puño e a letra*, interpretación en cómic de la obra poética de Yolanda Castaño (galardonado como mejor cómic del año 2019 en Galicia).

DESTINATARIAS: Persoas maiores de 18 anos afeccionadas ao debuxo

PRAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: A participación no obradoiro é de balde. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a inscripcionescgac@gmail.com, nela deberán indicar o seu nome completo, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo electrónico e un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá unha mensaxe electrónica de confirmación. Poderán inscribirse un máximo de dous participantes por solicitude. As prazas cubriranse por orde de inscrición.

PRAZO DE INSCRIPCIÓN: Do 10 ao 26 de xuño de 2025

MATERIAL: O CGAC achegará papel, lapis e goma. As persoas participantes poderán traer os seus propios materiais (pinceis, tinta, rotuladores calibrados, tabletas, soportes alternativos...).

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIAS: Personas mayores de 18 años aficionadas al dibujo

PLAZAS: 15

INSCRIPCIÓN: La participación en el taller es gratuita. Las personas interesadas pueden enviar un mensaje electrónico a inscripcionescgac@gmail.com, en él deberán indicar su nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, una dirección electrónica y un teléfono de contacto. Cada solicitante recibirá un correo electrónico de confirmación. Podrá inscribirse a un máximo de dos participantes por solicitud. Las plazas se cubrirán por orden de inscripción.

PLAZO DE INSCRIPCIÓN: Del 10 al 26 de junio de 2025

MATERIAL: El CGAC proporcionará papel, lápiz y goma. Las personas participantes podrán traer sus propios materiales (pinceles, tinta, rotuladores calibrados, tabletas, soportes alternativos...).

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA



DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31
cgac.educacion@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal

